

# ***O RAP DAS MASCOTAS***

Temos no colexio  
bonitos personaxes  
que nos acompañan  
nas nosas viaxes.

**Personaxes, personaxes,  
con boas mensaxes.**

Para pedir por favor  
**Porfi**, o mellor.  
E para agradecer  
**Graci** has coñecer.

**Personaxes, personaxes,  
con boas mensaxes.**

Para movernos  
con sentidiño  
teremos en conta  
o que di **Amodiño**.

**Personaxes, personaxes,  
con boas mensaxes.**

Para ter aventuras  
libros leremos  
cos consellos de **Leo**  
seguro acertaremos.

**Personaxes, personaxes,  
con boas mensaxes.**

Para gozar de saúde  
hai que ter cabeciña  
escoitando os consellos  
que nos dá **Saniña**.

**Personaxes, personaxes,  
con boas mensaxes.**

Para en galego escribir  
e ademáis falar  
a **Gale** e a **Gala**  
debemos escoitar.

**Personaxes, personaxes,  
con boas mensaxes.**

**Personaxes, personaxes,  
con boas mensaxes.**